

Expediente IET: P-20-254
Proxecto: Parque eólico Zamorra
Concello: Agolada (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 21/11/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Zamorra.

1. Antecedentes:

O IET emitiu informes sobre este proxecto con datas do 05/06/2020 e 20/10/2021, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste nun novo EIIP (asinado o 16/11/2022).

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado polo IET o 20/10/2021. Os cambios máis salientables son o desprazamento de tres aeroxeradores das posicións orixinais: o ZA-05 (1,6 km en dirección oeste) o ZA-07 (264 metros ao nordés) e o ZA-02 (82 metros ao leste).

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; describíense as características básicas do proxecto; analízase a calidade e fragilidade paisaxística; calcúlanse as cuncas visuais para un



radio de 15 km e se estuda a visibilidade das infraestruturas apoiándose en infografías; identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas, correctoras adoptadas para minimizalos. Finalmente inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

En relación cos planos do EIIP, nos que se recollen para un radio de 15 km os elementos de interese paisaxístico (plano 01), a cunca visual sobre os mesmos (plano 02), así como o grao de visibilidade (plano 03); entre as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) representadas, non se inclúen a AEIP-07-07 Serra de Careón; AEIP-07-15 Río Ulla; AEIP-07-16 Mourazos e O Monte San Xurxo e a AEIP-07-27 Fervenza do Toxa-Carboeiro. Porén, cabe sinalar que a referencia a estas AEIP si aparece no apartado de caracterización da paisaxe e nun gráfico (imaxe 10) na páxina 33 do EIIP.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. En relación coa incidencia visual sobre elementos de interese recollidos no Catálogo das paisaxes cabe sinalar que se ben os aeroxeradores atópanse moi próximos á AEIP-07-16 Mourazos e Monte San Xusto e AEIP-07-20 Sobreirais do Arnego, ao tratarse de zonas de relevo cóncavo asociadas a vales fluviais cunha importante cuberta arbórea os impactos visuais non serán significativos.

En canto ás medidas de integración paisaxística recollidas no EIIP, estas poden considerarse adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe.

4. Conclusión:

O EIIP axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, en relación co artigo 31.1 do RLPPG, deberanse completar os planos 01, 02 e 03 engadindo a delimitación das AEIP nomeadas no punto anterior.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean instalados os aeroxeradores, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar pola súa proximidade a AEIP-07-16 Mourazos e O Monte San Xurxo e a AEIP-07-20 Sobreirais do Arnego, e principalmente os núcleos rurais. Aínda que non é viable ocultar ou apantallar os aeroxeradores desde a maioría dos puntos de observación (agás nos núcleos rurais), esta incidencia visual non supón (para os efectos do artigo 33.1.d) do RLPPG) un impacto crítico. A respecto dos núcleos, considérase adecuada a medida recollida no EIIP, relacionada coa directriz de paisaxe DX.20.c, de prever a execución de pantallas vexetais nas proximidades dos núcleos de poboación.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

